

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 25 DE XUÑO DE

2009

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e cinco de xuño de dous mil nove, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona M^a Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 26 de marzo, sesión ordinaria do día 30 de abril, sesión extraordinaria do día 12 de maio e sesión ordinaria do día 28 de maio de 2009

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 26 de marzo, sesión ordinaria do día 30 de abril, sesión extraordinaria do día 12 de maio e sesión ordinaria do día 28 de maio de 2009.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

2º Resolución do contrato de consultoría e asistencia para a realización dos traballos consistentes na redacción do Plan xeral de ordenación municipal de Cambre, formalizado coa empresa IDASA, Ingeniería del Atlántico S.A. (hoxe EPTISA, Servicios de Ingeniería S.A.)

Visto o expediente incoado mediante Resolución de Alcaldía de data 22 de outubro de 2008, ratificada polo pleno da corporación en sesión ordinaria de data 30 de outubro de 2008.

Tendo en conta os informes emitidos polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 19 de decembro de 2008 e 2 de marzo de 2009, así como os informes emitidos polo arquitecto municipal de data 9 de febreiro e 23 de abril de 2009.

Visto o informe-proposta emitido pola Secretaría e Intervención municipais en data 15 de xuño de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 23 de xuño actual.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que claro está que o seu grupo está de acordo coa resolución do contrato, xa que de feito é unha proposta deles. Di que nun documento que asinou el persoalmente co Sr. alcalde, propoñían como primeiro punto das súas condicións para facilitar a aprobación dos orzamentos que se rescindise o contrato do Plan xeral para poder sacalo a contratación de novo. Polo tanto, o seu voto será a prol.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo tamén vai votar a prol. Quere lembrar que esta xa foi unha decisión plenaria e tamén foi acordo unánime da xunta de voceiros anterior a esa proposta que se acaba de mencionar agora. En todo caso, o voto do seu grupo vai a ser a prol, e ademais van dicir, por fin.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que ao igual que os outros concelleiros, o seu grupo tamén vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que, se ben a secretaria acaba de dicir que na comisión informativa se ditaminou favorablemente, o certo é que non se votou, non houbo votación formal, simplemente se explicou un pouco, se dixo vale, vale, e tiraron para diante.

Continúa dicindo que el vota a prol de que se rescinda o contrato, pero tamén hai que ver e analizar os informes dos técnicos, tanto da secretaria como do xefe de Urbanismo. Di que é moi fácil, xa o dixo noutro pleno, rescindir o contrato a unha empresa, e punto. Pero lendo os documentos vese moi claro que a empresa non tivo culpa dese atraso de case 11 anos, 9 se se quitan os dous que tivo de contrato, e incluso poderían engadir outro ano que foi necesario para solucionar algúns atrancos que foron xurdindo. Polo tanto, fai 8 anos que alguén debería responsabilizarse dese atraso, porque agora resulta que lle van a rescindir o contrato a esa empresa, pero aos veciños de Cambre non lles serve para absolutamente nada o traballo encomendado á empresa, un traballo que vale case 50 millóns de pesetas dos que ninguén se responsabiliza. Se agora deciden rescindir o contrato de mutuo acordo, e devolver a fianza, porque fixeron o traballo, entón alguén ten que ser responsable de que isto estea así e que o Plan xeral non teña saído adiante.

Di que todos saben quen son os responsables, pero non pasa nada, a empresa cobra por non facerlle nada aos veciños de Cambre, os responsables de que iso non se fixese, tamén seguen cobrando, e non pasa nada.

Conclúe dicindo que, de todos modos, el vai votar a prol da rescisión do contrato, pero insiste en que debería haber algún responsable que se puxese colorado ou, polo menos, que dera explicacións, e non quedara calado.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que el coincide co argumento de fondo que acaba de explicar o Sr. Marante, e por iso non vai votar a prol. Parécelle que non recibiu explicacións suficientes de por que se rescinde e por que, ao mesmo tempo, non se adxudica un novo contrato. Por todo isto, o seu voto vai ser de abstención.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e abstense don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE.

A corporación, por vinte votos a prol, acordou:

Primeiro: Tendo en conta o previsto no art. 199.1 da Lei 13/1995, de 18 de maio, de contratos das administracións públicas, respecto a que a duración total dos contratos de consultoría e asistencia non poderá exceder de seis anos, e con base ao art. 112 c) da dita lei, acordar a resolución por mutuo acordo do contrato de consultoría e asistencia para a realización dos traballos consistentes na redacción do Plan xeral de ordenación municipal de Cambre, formalizado coa empresa IDASA, Ingeniería do Atlántico S.A. (hoxe EPTISA, Servicios de Ingeniería S.A.) o 10 de decembro de 1997, iso motivado en que, segundo se deriva do expediente de resolución incoado, a demora na execución do contrato se deriva de circunstancias imputables tanto ao concello como ao contratista adxudicatario.

Segundo: Cumprimentando o acordo adoptado polo Pleno da corporación en sesión ordinaria de data 30 de abril de 2009, aboar a EPTISA a cantidade de 16.693,00 € polos traballos de elaboración do estudo de sostenibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, engadidos á elaboración do Documento de inicio do Plan xeral, por canto son os únicos que teñen relación co obxecto do contrato e teñen sido recibidos polo concello, iso de conformidade co establecido no art. 215.1 da Lei 13/1995, de 18 de maio.

Respecto da solicitude de abono do resto dos traballos, e toda vez que non teñen relación co obxecto do contrato de redacción do Plan xeral de ordenación municipal, a procedencia ou non do seu abono dirimirase, no seu caso, no correspondente expediente de recoñecemento de obrigas.

Terceiro: Devolver a garantía definitiva constituída por IDASA para responder da boa execución dos traballos, por importe de 1.400.000 pts., mediante aval núm. 1999 do Banco Central Hispano de data 9 de decembro de 1997, depositado na Tesourería municipal o 10 de decembro do mesmo ano.

Cuarto: De conformidade co establecido nos artigos 60.1 e 113.1 da Lei 13/1995 e artigo 26 do Real decreto 390/1996, de 1 de marzo, de desenvolvemento parcial da Lei 13/1995, dar audiencia a EPTISA por prazo de dez días naturais a contar dende o seguinte ao recibo da notificación para que, no dito prazo, amose a súa conformidade á resolución do contrato por mutuo acordo, e, en caso de opoñerse á resolución do contrato, motive a dita oposición.

3º Mocións

Fóra da orde do día, o Sr. presidente propón que se declare de urxencia e se leve a cabo o posterior debate da proposta de Alcaldía de data 24 de xuño actual, de designación de representantes na Mancomunidade intermunicipal voluntaria dos municipios comprendidos na área de influencia da Coruña, iso motivado en que o fax remitido polo Concello da Coruña é de data 23 de xuño, e nel se roga a remisión con urxencia dos nomeamentos correspondentes.

Explica que a razón da reunión é que hai anos, a través da Mancomunidade pediuse unha subvención de fondos europeos para uns camións de recollida de lixo que hoxe están a pleno rendimento, e hai que xustificalo no corresponde pleno da Mancomunidade, para que así quede pechado o expediente na Comunidade Europea.

Sometida a proposta de declaración de urxencia a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU, e vota en contra o concelleiro do GM (PG), polo que queda ratificada a declaración de urxencia e posterior debate, por vinte votos a prol.

A) Proposta de Alcaldía de designación de representantes na Mancomunidade Intermunicipal voluntaria dos municipios comprendidos na área de influencia da Coruña

Vista a proposta de Alcaldía de data 24 de xuño actual.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo vaise abster porque a responsabilidade de goberno é do Sr. alcalde, e quen ten que facer os nomeamentos é el, así como tamén é súa a responsabilidade de que eses nomeamentos sexan acertados.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que pensa que é un tema que se podería ter visto antes, e falado cos grupos da oposición, para así poder tomar unha decisión máis en función do que se di, por conseguinte, o seu voto vai ser de abstención.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que lle gustaría que alguén lle explicase a urxencia do tema. Di que cando algún grupo da

oposición trae ao pleno algunha proposta ou algunha moción fóra do prazo de presentación, rexéitasele. Hoxe o equipo de goberno presenta dous ou tres temas fóra de prazo, un deles acaban de comentarlos á entrada, e el non ve a urxencia en ningún dos temas. Di que o lóxico é que se fagan as cousas como hai que facelas, falándoas, independentemente de que sexan os mesmos concelleiros socialistas os que vaian a ir a esa reunión ou non. Di que se hai que respectar unhas determinadas normas que hai recollidas, todos teñen que facelo. Por todo isto, o seu voto vai a ser en contra.

O Sr. alcalde sinala que o fax do Concello da Coruña declarando a urxencia é de data 23 de xuño e chegou onte, e o pleno é para a semana que vén.

Sometida a proposta a votación ordinaria, votan a prol cinco concelleiros do PSdeG-PSOE. Votan en contra don Francisco Javier Varela Tejedor e dona M^a Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE, e don Manuel Marante Gómez, do GM (PG). Abstéñense os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por cinco votos a prol, acordou:

Primeiro: Nomear a don Antonio Varela Saavedra e don Venancio Salcines Cristal representantes do Concello de Cambre na Asemblea Intermunicipal da Mancomunidade Intermunicipal voluntaria dos municipios da área da Coruña.

Segundo: Nomear a dona Erundina Prado Arcay representante do Concello de Cambre na Comisión Xestora do citado órgano.

Terceiro: Comunicar os anteriores nomeamentos ao Concello da Coruña.

Fóra da orde do día, o Sr. presidente propón que se declare a urxencia e se leve a cabo o posterior debate da proposta presentada pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos de data de hoxe, respecto da aprobación do proxecto “Modificado n.º 1 gradas, cubertas e vestiario Dani Mallo”, motivada a urxencia na necesidade de concluír a obra antes do 4 de setembro de 2009, segundo o Convenio de colaboración asinado coa Deputación Provincial o 13 de febreiro de 2008.

Sometida a proposta de declaración de urxencia a votación ordinaria, votan a prol os vinte e un concelleiros que compoñen a corporación.

B) Proposta da concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos, respecto da aprobación do proxecto “Modificado n.º 1 gradas, cubertas e vestiario Dani Mallo”

Vista a proposta de data 25 de xuño actual.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que este non é un tema que se tratara na xunta de voceiros, como dixo o Sr. alcalde, senón que foi algo que se lles comentou o martes pasado, nas comisións.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que lles gustaría ter algunha explicación máis, xa que non entenden exactamente que é o que se está proponendo.

O Sr. alcalde contesta que é o que xa se explicou o outro día nas comisións.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que piden máis explicacións porque o fondo disto é que, unha vez máis, hai risco de perder unha subvención no Concello de Cambre e hai prazos que non se van a cumprir.

O Sr. alcalde di que o que se trata é de melloras nunha obra que xa está contratada e hai que tirar para adiante.

O Sr. Cubeiro responde que claro está, que precisamente faise isto para tirar para adiante, para non archivar o expediente, porque unha vez máis non se cumpren os prazos. Di que o voto do seu grupo vai ser a prol, porque xa dixeron moitas veces que non queren que se perdan subvencións, pero que iso é o que pasa unha vez máis, que se podería perder unha subvención por non cumprir cos prazos. Iso é o que pasa en Cambre permanentemente.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo está a prol das melloras nas gradas e no conxunto do campo de fútbol de Cambre, pero bota de menos que haxa máis documentación. Dende o martes pasado, o día das comisións, houbo tempo máis que suficiente para poder documentar ao resto dos grupos sobre o que se ía facer. Pensa que por parte dos técnicos que engadiron estas reformas poderíase ter facilitado algo máis de información, e saber un pouco máis o que se vai facer.

O outro día explicouse de palabra, todos estiveron de acordo en que se fixese, pero despois non se lles entregou ningunha información por escrito.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que ao seu grupo este é un tema que lle parece do máximo interese para os veciños do concello, e por iso lles parece máis importante iso que as deficiencias na tramitación. Di que, efectivamente, pensa que merecían algo máis de información, cun mínimo de detalle sobre o que se vai a ampliar, pero en todo caso, dan por válidas as explicacións que se deron na comisión informativa, e pensan que é preciso aproveitar esa subvención da Deputación para mellorar o proxecto inicial que está en execución, é unha cuestión de interese xeral. Por iso van a votar a prol, porque lles parece máis importante o fondo da cuestión e conseguir unha execución mellor, que as deficiencias na tramitación que puidera ter.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que, efectivamente, considera que este tema pode ser moi importante para todos agora, pero que é o equipo de goberno o que ten os documentos para ver e analizar o asunto. Ao resto dos grupos non llelos facilitaron e, polo tanto, el non pode votar a prol de algo que se trae ao pleno sen ter a documentación, cando, ademais, si que se puido dar esa documentación, polo tanto, o seu voto vai ser en contra.

O Sr. alcalde manifesta que lamenta ese feito, pero que realmente pensaba que o outro día se lles entregara a documentación que traía o enxeñeiro, pero que a documentación está e non hai problema con ela.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que el tamén está de acordo co que dixo o Sr. Marante. Non pode votar a prol de algo do que non se lle ten ofrecido ningunha información, cando ten dereito como concelleiro a tela. Por iso, o seu voto vai ser en contra.

Sometida a votación a proposta, votan a prol seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU, e votan en contra don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE, e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dezanove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o proxecto “Modificado n.º 1 gradas, cubertas e vestiario Dani Mallo” redactado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolomé Delanoë, cun orzamento de 540.238,36 €

Segundo: Dar traslado do proxecto á Deputación da Coruña dando cumprimento ao establecido na cláusula cuarta do convenio suscrito o día 13 de febreiro de 2008.

Fóra da orde do día, sométese a votación a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU-IU, que é acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros asistentes á sesión.

Antes de comezar a tratar a moción, don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), pregunta a razón de que se vote a urxencia dunha moción que foi presentada en tempo e forma. Pregunta se queren confundir á xente e dicir que é o mesmo os que presentan as mocións en tempo e forma que os que non o fan. Di que hai unha normativa, e que a moción de EU-IU está presentada en tempo e forma segundo esa normativa, pregunta por que entón hai que votar a urxencia.

A petición do Sr. alcalde, a secretaria da corporación dá lectura ao terceiro parágrafo do art. 115.1 c) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal as mocións “*Deberán presentarse no Rexistro de Entrada cunha antelación de tres días á sesión do pleno onde se vaian tratar, e entregaránselles, o máis axiña posible, aos voceiros dos grupos municipais.*”, e, polo tanto, a moción de EU-IU que se presentou o día 20 de xuño está en prazo.

O Sr. Marante pregunta que se é así, por que hai que votar a urxencia.

A Sra. secretaria contesta que porque así se recolle no ROM, e dá lectura ao primeiro parágrafo do art. 115.1 c) segundo o cal: “*Moción: é a proposta que se somete directamente ao coñecemento do pleno, tal e como se establece nos artigos 99.4 e 108.5 do presente Regulamento, non obstante se require que o pleno, por maioría absoluta, ratifique a declaración de urxencia e , polo tanto, a procedencia do seu debate.*”

Continúa explicando que así é como se vén facendo en todos os plenos ordinarios, e que se len as actas poden ver que, antes de comezar a tratar o asunto, sempre se pon que sometida a moción a declaración de urxencia, esta é aprobada por unanimidade, ou polos votos que

sexan en cada caso. En todas as actas se recolle así.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que el está de acordo en que se está votando a urxencia, pero que isto é así só ultimamente, que ata hai pouco tempo non se facía. En todo caso, pregunta que se tratan de urxencia as mocións que entran en prazo, entón as que non están en prazo de que se traten, como se votan, e por que se rexeitan as dalgúns grupos e as doutros non.

A Sra. secretaria contesta que cando se rexeita unha moción é por unha decisión dos vinte e un concelleiros que compoñen a corporación. Se non se acada o voto favorable da maioría absoluta, é a corporación a que rexeita tratar a moción. Di que se trata dunha formalidade, e que a formalidade é declarar a urxencia de todas as mocións e iso é o que se vén facendo en todos os plenos.

Engade que talvez nalgún pleno, por andar á présa e correndo, se lles pode pasar, como o propio Sr. Marante sinalou antes respecto da comisión informativa, na que se deu por sentado, porque ninguén falou, que todos estaban a prol, e de feito así figurará na acta da comisión. Di que nos plenos pasa o mesmo, en todos eles están sometendo a votación de urxencia as mocións, porque así o di o ROM que, á súa vez, está baseado no ROF, pero que, ao mellor, coas présas, algunha vez se lles pasou e se deu por suposto. O mesmo pasa nalgunhas votacións nas que non levantan correctamente as mans, e ten que deducir ela o voto.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que, en todo caso, iso de votar a urxencia é algo que se vén facendo dende fai ano e pico, e que el leva 22 anos de concelleiro e nunca se tiña feito.

A Sra. secretaria sinala que nas actas sempre figura.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo sabe algo de mocións, sobre todo porque ao longo desta lexislatura levan presentadas bastantes, e dende o principio se vén votando a súa urxencia, e é certo que así consta nas actas, aínda que iso non quere dicir que algunha se lles poida ter pasado.

A continuación, trátase a seguinte moción:

C) Moción do grupo municipal de EU-IU relativa á execución dos acordos adoptados nos plenos municipais

Rexistrada de entrada ao n.º 8405 o 20 de xuño de 2009. Consta do seguinte teor literal:

“Dende o grupo municipal (EU-IU) estamos comprobando que a diario e por diversos motivos, non se están executando moitos dos acordos que se adoptan no pleno desta corporación.

Despois dunha pequena análise e avaliación por parte do noso grupo, sobre os dous últimos anos, é dicir dende o comezo da lexislatura ata hoxe, observamos e lamentablemente podemos constatar a existencia de numerosos acordos municipais, respostas afirmativas a rogos formulados, e compromisos adquiridos como consecuencia de múltiples mocións e propostas, moitas delas aprobadas por unanimidade, que foron ninguneadas e relegadas ao máis absoluto esquecemento.

Con toda a modestia podemos dicir que fomos o grupo municipal que máis iniciativas presentou nestes dous anos, pero posiblemente o máis esquecido pola desidia amosada polo goberno municipal. Ademais é altamente desmotivante, non só para o grupo de EU, senón para os propios veciños/as do concello, contemplar como as propostas que fan os grupos da oposición, son aprobadas para logo non ser executadas.

Isto entre outras cousas é, ao noso entender, o que está xerando entre a cidadanía unha desconfianza, afastamento e desencanto da vida municipal, que fortalecen a aqueles que opinan que as institucións teñen minguada a súa utilidade, ou cren que a política serve máis ben para pouco, e se cadra só para acadar un incremento do patrimonio persoal de cada un.

Parécenos grave esta actitude de incumprimento por parte do goberno local, e así o temos reiterado en múltiples ocasións, sirvan como exemplo as iniciativas que a continuación detallamos e que ao noso entender, non se executaron, o que supón unha actitude de menosprezo aos acordos plenarios.

Exemplos claros de incumprimento:

- Moción para o acondicionamento do campo da feira de Cambre e o seu arboredo.
- Moción para dotar de transporte aos alumnos universitarios residentes no concello ata o campus da Universidade da Coruña.

- Moción sobre a construción de instalacións para a práctica de deportes de deslizamento (skate).
- Moción sobre a elaboración dun estudo para buscar solucións aos problemas de aparcamento no Graxal.
- Moción sobre a elaboración dun código ético de incompatibilidades dos membros da corporación local.
- Moción para o acondicionamento dunha zona de baño e espaxamento nas inmediacións da ponte das Insuas.
- Moción sobre os parques infantís adaptados.
- Moción sobre a posta en funcionamento do Consello Escolar Municipal.

Como xa manifestamos con anterioridade, esta indiferenza e consciente deixamento das súas obrigas, están provocando un grave prexuízo ao pobo de Cambre, pedímoslle e esixímoslle que actúen con responsabilidade, e aínda que nada máis sexa que por saúde democrática e respecto á institución que representan, cumbran o que vostedes mesmos aproban.

Desexamos firmemente que a presente moción sexa apoiada e aprobada por unanimidade, pero dadas as circunstancias moito nos tememos que unha vez máis, sexa incorporada á longa lista de compromisos adquiridos polo grupo de goberno, e non executados ao conxunto da oposición dende o comezo da lexislatura.

Por todo o exposto o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Instar ao Sr. alcalde a que no menor prazo posible, dea cumprimento aos acordos que, sendo aprobados polo pleno, non foron executados a día de hoxe.

Segundo: Que dentro da orde do día dos plenos ordinarios, ben como punto específico ou ben dentro de informes da Alcaldía, se inclúa información periódica e concreta sobre o estado de execución dos acordos tomados en plenos anteriores, non só para coñecemento dos grupos municipais, senón para a información xeral dos veciños/as.”

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o Sr. Taibo enumerou unha serie de mocións, pero que no ano 2007 foron aprobadas polo pleno 27 mocións, das cales xa se cumpriron 17, pensa que é un número importante. No ano 2008 foron aprobadas 44, e cumpríronse 32. No ano 2009 levan

aprobadas 16, das cales xa se cumpriron 10. Recoñece que falta por cumprir mocións, máis das que quixeran, pero que non se lles pode acusar de desidia.

Continúa dicindo que o grupo de goberno vai aprobar a moción, porque son cousas que se aprobaron no pleno, e é lóxico aprobar que se executen, pero que hai que ter en conta que para executalas, ás veces tamén se necesita diñeiro, e para iso é necesario que os grupos, entre eles o que presenta a moción, entren nun proceso de diálogo orzamentario co grupo de goberno, porque se non hai fondos, por moito que desexen cumprir, non van a poder facelo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o Sr. Salcines falou das mocións que se levan aprobadas e máis ou menos tramitadas, pero que moitas delas son mocións institucionais nas que só se trata de dar traslado a outras instancias, a outras administracións, son mocións que non supoñen cantidades de diñeiro, pero hai outras nas que si que hai que investir diñeiro, e se non pensan executalas, entón é mellor que non as aproben. Pídelle que non enganen ao seu grupo municipal, nin aos veciños de Cambre.

Por outra parte, sinala que o seu grupo sempre estivo aberto ao diálogo, e están dispostos a negociar, o que non están dispostos, e quere deixalo claro, é a ser muleta de ninguén, e menos dun grupo socialista que fai augas por todas partes. Di que o seu grupo dixo, dende o primeiro momento no que entrou na corporación, que ía a colaborar, que ían a facer unha oposición construtiva polo ben dos veciños de Cambre, pero que cando teñan que ser críticos, van a selo. Tamén dixeron, por activa e por pasiva, que o grupo municipal de EU-IU, non vai entrar no goberno municipal, a pesar das ofertas que lles fixeron, porque eles saben onde os puxeron os veciños de Cambre, e foi na oposición.

Continúa dicindo que iso é así por varias cousas. En primeiro lugar porque non ían a apoiar ao candidato á Alcaldía, nin ían formar parte do goberno con el, e despois porque pensa que hai antecedentes máis que suficientes no ano e medio que levan para que EU-IU non entre no goberno.

O Sr. alcalde sinala que van a pasar á votación da moción, pero ante as reclamacións dos concelleiros do PP, que preguntan por que, por primeira vez nun pleno, o resto dos grupos da oposición non poden intervir no debate, o Sr. presidente concede a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP.

O Sr. Cubeiro manifesta que entende que ao Sr. alcalde non lle guste debater esta moción, porque todo o que se di nela é verdade, e é lamentable o traballo do goberno municipal. Di que veñen ao pleno, perden unhas horas e fan perdidas aos veciños, xeranse unhas ilusións e todo para nada, todo queda no caixón do esquecemento.

Continúa dicindo que o Sr. Salcines afirmou que no ano 2007, de 27 mocións se cumpriron 17, e que iso non o cre ninguén. O mesmo no 2008. Sinala que, facendo unha pequena referencia a mocións que presentou o PP, están as seguintes:

- unha moción para axudar ás familias con fillos menores de tres anos
- unha moción para poñer en marcha unha oficina municipal de información á Lei de dependencia
- unha moción para recuperar o Camiño do Noceiro, en Meixigo, que si que se fixo, pero non cos materiais e as calidades que estaban na moción
- unha moción para reparar as humidades xeradas dende a rúa, nun edificio do Graxal
- unha moción para esixir responsabilidades pola corta dunhas árbores protexidas no Camiño Inglés, e iso que agora o Concello de Cambre se vai a adherir a un convenio coa Deputación para promocionar ese camiño, pero non se preocupou do que pasou cunhas árbores centenarias dese camiño
- unha moción para a mellora da sinalización no concello, porque hai casos graves de camiños que se saen da autoestrada, que xeran un caos de tráfico enorme, etc.
- unha moción para que se recoñeceran as actividades dos voluntarios de Protección Civil en Cambre, uns voluntarios que levan a cabo un labor encomiable
- unha moción para a mellora dos parques infantís en Cambre
- unha moción para o impulso definitivo do Plan xeral
- unha moción para a mellora dos servizos de emerxencia municipais

Di que todas esas son mocións que presentou o PP, e houbo outra, que se presentou de forma conxunta por todos os partidos, a raíz dunha proposta dos veciños de Pravio, que era para facer as sendas dende A Castellana ata Pravio, aprobouse por unanimidade e, non obstante, nin estaba nos orzamentos que se retiraron do pleno de abril, nin sabe se vai a estar nos orzamentos ambiciosos e bos contra a crise que se están a negociar, pero o certo é que tampouco están dentro das obras do Fondo estatal.

Sinala que, en resumo, todo o que se debate no pleno non ten valor, e non ten valor porque hai un equipo de goberno que nin é equipo, nin é goberno, e non leva as cousas adiante, e o único que fan é dar largas, e de feito hoxe demostrouse que non son equipo nin son

gobierno, e ademais, hoxe, por primeira vez, non se quería debater unha moción. Di que é a primeira vez que pasa.

O Sr. alcalde sinala que o Sr. Cubeiro estivo a falar das mocións do PP, non da que presentou EU-IU.

O Sr. Cubeiro contesta que el fixo unha relación das mocións do seu grupo, pero precisamente porque están debatendo esa moción de EU-IU, e que precisamente nesa moción se di que: *“aínda que nada máis sexa que por saúde democrática e respecto á institución que representan, cumpran o que vostedes mesmos aproban”*. Por iso dixo ao principio que o que pasa en Cambre é penoso.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que lle aleda que a moción de EU-IU sirva un pouco de base para que o PP teña oportunidade de enumerar as mocións que presentou, pero que non deixa de ser unha moción do seu grupo, e por iso, procede intervir e procede votala, pero nada máis.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que pensan que a moción é acertada, e o seu grupo tamén dalgunha maneira se sente solidario con algunhas das frases que se din, xa que tamén eles se viron en certos momentos esquecidos e marxidados, viron que determinadas das súas propostas se aprobaban e logo non se cumprían.

Parécelle que, independentemente do relatorio que cada quen poida facer do seu traballo, porque eles tamén poderían facer aquí un listado de todas as súas propostas e mocións aprobadas, o que realmente é interesante é instar novamente ao goberno a que cumpra os acordos adoptados no pleno e que, a partir deste momento, dalgunha maneira se poña en marcha un mecanismo explicativo e de información no pleno. Parécelles unha boa idea que vai en prol da transparencia e que seguramente irá tamén a prol da eficacia das cousas.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que quere felicitar a EU-IU pola proposta presentada. Di que o máximo órgano representativo da corporación municipal de Cambre é o pleno, e que entende e asume plenamente as súas responsabilidades pola etapa que estivo no equipo de goberno. Manifesta que calquera moción que se aprobe polo pleno debe incorporarse, inmediatamente, aos orzamentos, coa correspondente modificación orzamentaria se é necesario. Por todo isto vai votar a prol da moción de EU-IU.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que está de acordo coa moción, pero pensa que igual que todas as mocións que foron enumeradas, tamén esta vai a ser papel mollado, vai seguir sendo o mesmo, e por iso nesta ocasión, vaise abster, para ver se así non se sente tan defraudado.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, pregunta se o que van a votar e instar ao goberno a que se cumpran as mocións de EU-IU, ou as de todos os grupos.

O Sr. alcalde contesta que exactamente o que pon no apartado de acordos da moción.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU, e abstense o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por vinte votos a prol, acordou aprobar a moción tal e como foi transcrita.

4º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. alcalde dáse conta pola secretaria da corporación dos seguintes asuntos:

- Da Resolución do concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego de data 10 de xuño de 2009, pola que se aprobou a liquidación do orzamento de 2008, cuxa parte dispositiva transcríbese a continuación:

“Primeiro: Aprobar a liquidación do orzamento de 2008 que de seguido se sinala:

Resumo da liquidación do orzamento:

Orzamento de gastos	Euros
Créditos iniciais	16.889.780,78
Modificacións	6.578.920,37
Créditos definitivos	23.468.701,15
Gastos comprometidos	16.627.542,57

Obrigas recoñecidas netas	15.295.205,35
Pagamentos	13.039.843,08
Obrigas pendentes de pago a 31/12	2.255.362,27
Remanentes de crédito	8.173.495,80

Orzamento de ingresos	Euros
Previsións iniciais	16.889.780,78
Modificacións	6.578.920,37
Previsións definitivas	23.468.701,15
Dereitos recoñecidos	14.863.451,35
Dereitos anulados	19.682,43
Dereitos cancelados	0,00
Dereitos recoñecidos netos	14.863.451,35
Recadación neta	12.452.073,20
Dereitos pendentes de cobro a 31/12	2.411.378,15
Exceso / Defecto de previsión	8.605.249,80

Outros datos resumo:

- debedores pendentes de cobro a 31/12, 2.608.312,52 euros.
- acreedores pendentes de pagamento a 31/12, 1.765.013,41 euros.
- resultado orzamentario axustado do exercicio, 977.451,66 euros.
- remanente de crédito, 8.173.495,80 euros.
- remanente de tesourería total, 3.793.032,85 euros.
- exceso de financiamento afectado, 1.583.125,45 euros.

- remanente de tesourería para gastos xerais, 2.156.195,12 euros.
- capacidade de financiamento, 482.785,80 euros.

Segundo: Comunicar a resolución ao pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía de data 10 de xuño de 2009, de avocación dos asuntos da área de Asuntos Sociais, Igualdade e Sanidade por baixa da concelleira, cuxa parte dispositiva se transcribe a continuación:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Carmen Tato Lago desde o día 10 de xuño de 2009 ata a súa incorporación, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 10 de xullo de 2007.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Do escrito presentado por don Francisco Javier Varela Tejedor, rexistrado de entrada ao núm. 8100 o 18 de xuño actual, no que fai constar que, por motivos de índole persoal e profesional, renuncia á súa condición de primeiro tenente de alcalde, a formar parte da Xunta de Goberno Local, así como tamén á presidencia da Comisión Informativa de Presidencia, conservando non obstante a súa acta de concelleiro.

5º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 8501 o día 22 de xuño de 2009.

1º Rogamos ao alcalde nos informe de cal é a actual composición do goberno local.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que a composición segue de igual modo, coa diferenza de que as funcións do Sr. Varela Tejedor pasan a ser levadas polo Sr. alcalde.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que acaban de debater unha moción porque non se están a facer as cousas, e eles preguntaron como está a composición do goberno local porque agora teñen un alcalde que, ademais de ser alcalde,

leva os asuntos de Policía, Protección Civil, Urbanismo, e agora Réxime Interior, Presidencia, ..., é dicir, moitísimas cousas. Di que as cousas non se miden pola cantidade, senón pola calidade, e parece que ao igual que na anterior legislatura houbo un concelleiro que levaba Urbanismo, Réxime Interior, Presidencia, Facenda,...., agora pasa o mesmo co Sr. alcalde, e así é que pasan os anos e os anos e as cousas non saen.

Dille ao Sr. alcalde que o que ten que facer é gobernar e ten que facer gobernar ao seu equipo, non é simplemente dicir que agora un asume as competencias doutro, non se trata dun cambio de cromos, é algo máis importante, están falando de 25.000 veciños.

Conclúe dicindo que ao Sr. alcalde gústalle moito dicir que hai que ter cariño ao pobo, e el pídlle que se ten cariño a Cambre, o que debería facer é marcharse, porque o que está pasando no pleno de hoxe, é penoso.

2º Rogamos ao goberno local nos informe de en que momento se poñerán de acordo PSOE e BNG de Cambre no reparto de dedicacións exclusivas, para que así o noso municipio poida contar cuns orzamentos para este exercicio.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que non cabe resposta a esta pregunta porque PSOE e BNG non están a falar de dedicacións exclusivas.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que el, ao igual que moitos veciños de Cambre, puido ler entrevistas que saíron publicadas ultimamente na prensa, e fálase de cantidades, de que alguén, por un mínimo de 55.000 euros ocuparía unha serie de cargos, etc. Ou sexa, nos xornais aparece que se están a debater as dedicacións exclusivas, e pensa que deberían de informar aos veciños de Cambre do que está pasando, a que están xogando, que é o que se está repartindo. Deberían de dar unha explicación seria e coherente, non vale con dicir que non queren falar, hai que dar explicacións. Pregunta por que non hai orzamentos en Cambre.

Don José Venancio Salcines Cristal respóndelle que se o que quere facer é falar de prensa, tamén el lle pode ler uns artigos da Voz de Galicia, de maio de 2008, nos que se recolle que o ex-voceiro do PP de Cambre acusou aos edís do seu grupo de defender os seus propios intereses, e engadiu que Nicolás Cubeiro non era amigo seu, e non podía selo despois do que tiña feito, e así segue e segue o artigo. Nun blog do PP fálase de que fai falta un bo chaleco e unha boa coiraza de mallas para coidarse as costas de coitelos, navallas, e demais utensilios afiados que tanto usan no PP de Cambre. Cousas parecidas no xornal A Opinión,

en setembro de 2008.

Continúa dicindo que non é cuestión de poñerse a falar sen máis. El non está insultando, está a ler xornais, e o primeiro que falou de xornais foi o Sr. Cubeiro. Di que cando o equipo de goberno teña algo que contar ao pleno xa llo dirá, e mentres, o goberno que hai é o que se pode observar.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que isto é repugnante, noxento e vil. Di que a el non se lle ocorreu traer hoxe ao pleno recortes de prensa de todo o que durante moitos anos se dixo do Sr. alcalde. Non se lle ocorre, e tampouco se lle ocorre traer os gastos de representación do Sr. Salcines, porque o que quere é gobernar para Cambre.

O Sr. Salcines dille que non ten problema en que os traia.

O Sr. Cubeiro pídlle que, por favor, cale, e que el o único que lles está a dicir é que o equipo de goberno ten que dar explicacións do que está a pasar en Cambre. Son eles os que están manexando os orzamentos de 25.000 persoas e teñen que dar explicacións.

Di que o que saíu publicado na prensa do PP, que evidentemente foi moi triste, non deixa de ser un tema interno dun partido. Eles non estaban manexando os cartos e a vida de 25.000 persoas, pero o equipo de goberno si, e son eles os que teñen que dar explicacións, e é lamentable que toda a explicación que se lles ocorre dar son declaracións que fixo unha persoa respecto doutra. Di que é lamentable, e que demostra claramente o que son, e gustaríalle que os veciños de Cambre estiveran hoxe presentes para poder escoitalos, porque é penoso, vil e rastreiro.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro do PP, manifesta que, polas alusións feitas, quere dicir que o que sacou o Sr. Salcines son temas internos do PP de Cambre, se ben é certo que tamén pensa que non era lugar falar deles na prensa, e dicir algunhas cousas que se dixeron, ademais, inxustamente.

3º Rogamos ao alcalde nos informe de en que momento pensa cumprir cos acordos para lograr unha administración transparente no noso municipio, asinados co Partido Popular o 16 de abril deste ano.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que pensa que o goberno municipal ten un grao de transparencia bastante elevado, en todo caso, non se arrepiñen de ningún dos

puntos que asinaron, e comezarán a poñelos en execución no momento en que se cumpra o acordo, é dicir, cando teñan o documento orzamentario e ambas partes cumpran co pactado. En todo caso, cre que non pode haber ningunha queixa de falta de transparencia. No equipo de goberno non teñen constancia de que os concelleiros do PP, nin o seu voceiro na xunta de voceiros, teña falado en ningún momento de falta de transparencia. Todo o que quixeron saber se lles ten comentado, pensa que con bastante celeridade.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que o 16 de abril o PP asinou un acordo polo que se ían a abster na votación dos orzamentos a cambio dunha serie de cousas:

- o equipo de goberno comprometíase a xustificar o gasto público nunha comisión especial composta por representantes de todos os partidos, non se fixo.

- o goberno local tamén se comprometía a contratar unha asistencia técnica para a posta ao día das licenzas municipais pendentes de tramitación, non se fixo nin o primeiro trámite.

- o goberno local comprometíase a dotar a partida necesaria para adquirir os terreos necesarios para construír o novo colexio de educación infantil e primaria no municipio, tampouco se fixo nada, e iso que se non se compran os terreos e se poñen a disposición da Xunta, nunca se vai construír ese colexio, porque sen terreos a Xunta non pode facer nada.

- o goberno local ía encargarse a cada un dos xefes de cada unha das áreas administrativas a confección dun informe mensual sobre a xestión municipal, en particular sobre as iniciativas e actividades realizadas e as subvencións tramitadas ou perdidas polo concello. Evidentemente non lles convén este punto porque hoxe demostrouse, unha vez máis, que a risco de perder outra subvención houbo que facer unha trapallada legal para non perdela.

- os orzamentos municipais do 2009 ían recoller a conxelación dos salarios dos altos cargos, indemnizacións e retribucións dos concelleiros, asignacións aos grupos municipais, e salarios do persoal de confianza. Segundo a información municipal que se dá na prensa, e non fala das noticias do tipo das que agora saen nas televisións (realitys,...), senón que se refire a noticias sobre a gobernabilidade de Cambre, pois ben, segundo esas noticias eles están a falar de dedicacións exclusivas de 55.000 euros, para dous, tres, ou non sabe cantos concelleiros.

Conclúe dicindo que é evidente que o equipo de goberno non pode cumprir co contrato asinado, e que o Sr. Salcines non pode dicir que o PP non lles falou da transparencia,

porque levan dous anos dicíndollelo, e dicindo moitas cousas, pero única e exclusivamente da súa xestión pública, eles nunca se preocuparon dos seus asuntos particulares ou persoais, iso non lles interesa. Dille ao Sr. Salcines que o que ten que facer é gobernar para Cambre, e centrarse en gobernar Cambre.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que o grupo municipal de goberno ten, agora mesmo, máis de 40 obras en funcionamento, e un ritmo de actividade que calquera veciño reconece. Só fai falta que o Sr. Cubeiro baixe á rúa e fale cos veciños para que o vexa, e de paso dille que tamén se pode dar unha volta polo paseo fluvial, e que lle diga a Augas de Galicia, que agora está gobernada polo PP, que sería bo que o limpasen. Pensa que agora é un tema que cae sobre o seu tellado, e aínda non fixo nada sobre ese tema.

Continúa dicindo que no documento orzamentario que agora teñen, que está moi avanzado no seu desenvolvemento, figuran moitas das propostas do PP, por exemplo, o tema das sendas a Pravio, pero que ese é un tema que non toca debater agora, senón que é algo que terán que debater cando finalmente teñan o documento orzamentario, pensa que no vindeiro mes de xullo.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que eles presentaron no apartado de preguntas unha que se refire ao mantemento do río, pero que ignoraba que iso fose unha responsabilidade súa ou do PP de Cambre, o mantemento das sendas do río, iso é unha novidade, non sabía que a oposición se tiña que dedicar a gobernar, facer contratos ou mantemento.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 8554 o día 22 de xuño de 2009, xunto coas preguntas.

Antes de comezar a lectura dos rogos, don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que os seus rogos e preguntas van a cousas máis concretas, porque pensa que é o que interesa, tratar de arranxar cousas nos dous anos escasos que quedan de lexislatura, e non botalos por terra como levan botados os dous anteriores. Di que hai que construír, e como xa dixo algunha vez, deixar de tirarse os trastes á cabeza, uns aos outros.

1º No pleno ordinario do mes de xullo do pasado ano, quedou aprobada por unanimidade unha moción presentada polo noso grupo municipal respecto da “Creación dun código ético de incompatibilidades dos membros da corporación local”. Un dos obxectivos da moción é evitar actuacións discordantes coa honestidade coa que debe ser exercido todo cargo

público.

Neste sentido, no mes de agosto do mesmo ano requiríase aos grupos municipais a designación dun titular e un suplente para a constitución dunha comisión para a elaboración do regulamento, facilitando o responsable da área unha proposta para ser discutida e tratada.

Transcorrido case un ano (e como ven sendo habitual coa maioría das mocións presentadas) o noso grupo solicita mediante o presente rogo:

Que o goberno municipal asuma a súa responsabilidade e de maneira urxente dea cumprimento aos acordos sobre a moción mencionada.

Don José Venancio Salcines Cristal reconece a responsabilidade do goberno municipal respecto de que non se teña cumprido con esta moción, e informa de que, á maior brevidade posible, poñeranse con este tema.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que xa contan cun borrador que lles facilitara o anterior responsable, o Sr. Varela Tejedor, e cre que xa hai uns traballos feitos, aínda que se poida chegar algo máis polo resto dos grupos. Di que para o seu grupo esta moción é fundamental.

2º O noso grupo municipal ten profundas sospeitas sobre a efectividade na creación de emprego derivado das obras do FEIL, que dependen en gran medida da xestión que se faga dende o concello para tratar de crear o maior número de postos de traballo en función da xestión que se realice dentro do ámbito da competencia municipal. Tendo en conta que nos pregos de condicións que rexen as condicións das obras, prémiase ás empresas que presentan un maior número de traballadores/as a contratar. Por este motivo facemos o seguinte rogo:

Que o goberno nos facilite de maneira oficial e detallada, a situación específica sobre a creación e número de novos postos de traballo.

Tamén solicitamos se nos informe de se existe algún mecanismo de control que garantice que as obras contratadas cos fondos anticrise están xerando novo emprego cumprindo os obxectivos do Plan “E”.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que ao finalizar este pleno faralles entrega de toda a documentación solicitada.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que iso está ben, pero que pensa que todos os veciños de Cambre teñen dereito a ser informados da cantidade de postos de traballo que se están a crear con estas obras, porque o seu grupo ten grandes sospeitas de que no Concello de Cambre se están a crear moi poucos traballos, estase referindo ao emprego local, xa que hai algunhas obras nas que non hai nin un so traballador de Cambre, e no concello o paro segue a aumentar.

Di que se ía premiar ás empresas que contrataran traballadores no propio concello, esa era a filosofía que se tiña acordado, empresas de Cambre na medida do posible, e traballadores de Cambre na medida do posible. O Sr. Salcines dixo que ía ser así, que ía a falar coas empresas, inducíndoas a que contrataran xente de Cambre. Pero di que esa realidade el non a ve, non a palpa, por iso lle gustaría que a xente tamén teña información respecto disto.

Don José Venancio Salcines Cristal responde que lles vai a dar uns datos globais. Di que dende a Axencia de Desenvolvemento Local invitaron aos empresarios a que viñeran a contratar desempregados de Cambre, iso fíxose con todos os empresarios, pero que logo estes o fagan ou non, queda dentro da súa liberdade. A lexislación impide que se lles obrigue a contratalos, o único que puideron facer foi invitalos, e iso cumprírono de modo escrupuloso.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que a el lle gustaría que houbera un control desas empresas e da xente que contratan, porque el non viu que se contratara xente de Cambre, practicamente a ninguén.

3º Pregamos á concelleira responsable de Cultura nos informe sobre os programas de festas a celebrar no próximo mes de agosto na parroquia de Cambre, e cal vai a ser o orzamento destinado aos mencionados eventos.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que vai facer un resumo e que despois, se así o desexa, se lle facilitará por escrito con máis detalle.

Di que durante o mes de agosto, os días 4 e 5 haberá, como todos os anos, cine no anfiteatro. O xoves 6 haberá un festival infantil, teatro. O sábado un concerto extraordinario de bandas de música, onde á parte da banda municipal actuarán as bandas de Teo e de Sada.

O venres 14 terá lugar o XVII Festival Rock in Cambre, coas actuacións de Gatillazo, Hamlet e Def con Dos. Os días 15, 16 e 17 son as festas padronais de Cambre, onde actuará o sábado París de Noia, o domingo Fania, e o luns Olympus, tamén haberá sardiñada esa tarde, xunto cos fogos e queima da fachada da igrexa. Así mesmo, haberá dous parques recreativos para os nenos. O venres 28 haberá un concerto folk co trío Baamonde, Lamas e Romero. O sábado 29 haberá “Maxia na rúa” coa actuación de Luis de Matos. Está pendente de confirmación un concerto da Trova Cubana.

Conclúe dicindo que o orzamento estara sobre os 115.000 euros, un orzamento parecido ao do ano pasado, e sinala que o ano pasado se recadaron uns 40.000 euros a través dos copatrocinadores.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que é difícil facer unha análise así de súpeto, pero que en principio diría que é máis do mesmo e moi poucas ideas. Di que eles colaboraron propoñendo ideas, e que o ano pasado xa o dixon, e este ano volveu dicilo pero nun pleno no que a Sra. concelleira non estaba presente. Di que se refire a que se podía ter feito un concurso de carteis anunciando as festas de agosto en Cambre. O ano pasado a Sra. concelleira dixo que lle parecía unha boa idea, pero non se chegou a plasmar na realidade. Esa era unha maneira importante de que a xente puidera participar, incluso fomentando a cultura, e ademais custando moi poucos cartos.

Dona Erundina Prado Arcay responde que respecto do concurso de carteis, pareceulle unha boa idea, pero houbo un motivo para non facelo. O ano pasado houbo un cartel no que se facía publicidade das festas con seis fotos moi boas de seis das parroquias do concello, e este ano seguiron na mesma liña e sairán outras seis fotografías, das seis parroquias que faltaban. Para o ano que vén, parécelle boa idea e sacarán un concurso.

Engade que ela sempre está polo concello e que admite todas as ideas que lle propoñan. Acepta encantada as suxestións que lle poidan facer pero, iso si, non no mes de xuño o xullo, pero si en xaneiro que é cando se planifican as festas. Está aberta a calquera proposta que se lle faga e que ela vexa que pode ser interesante.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que se iso é certo, entón que fale co resto dos grupos, e que lles expoña o que poden ser as festas de Cambre, e eles achegarán as súas ideas. E engade que non só se trata de falar co resto dos grupos, senón tamén co resto de asociacións e xente que poida participar nisto. Di que as festas de Cambre teñen que ser festas participativas. Do tema do cartel xa falaban o ano pasado, e este ano volveu a reiterarse.

A Sra. Prado Arcay di que ela tivo coñecemento este ano, e pregúntalle ao Sr. Taibo se el ten coñecemento certo de que ela non se reúna coas asociacións de Cambre para elaborar os programas, porque ela si que se reúne coas asociacións, obtén información, e tamén se reúne con dezaseis grupos de rock en Cambre. Pensa que o Sr. Taibo está a facer afirmacións moi gratuítamente, como ás veces lle di ou acusa doutras cousas que ao final non son certas, e que ela, ante unha pequena dúbida, non lle discute. Pon como exemplo o pleno anterior, cando lle dixo que non estaban publicadas na páxina web do concello as bases dunha convocatoria, díxollo moi seguro, e ela tivo medo de discutirllo, pero despois chegou ao concello e comprobou que si estaban. Di que hai que estar moi seguro antes de acusar.

Conclúe dicindo que lle repite que está aberta a calquera suxestión, e dille que se no vindeiro xaneiro seguen aquí, terán unha reunión con todos os grupos que estean interesados, sen ningún problema.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que é certo que puido dicir o da páxina web, pero que a concelleira ten que ser consciente de que non toda a xente ten acceso á páxina web, e que as cousas teñen que facelas públicas, porque cando queren facer pública unha cousa, si que o fan. Teñen recursos suficientes para que a xente se entere, e non pasa iso se só o poñen na páxina web. Dille que como concelleira de Cultura a súa obriga é informar nos plenos, el non trata de poñela en evidencia, só lle pide información, e trata dende o seu grupo de que as cousas vaian mellor, e para iso presentan alternativas, aínda que presentalas e ver que non se cumpren, fai que se desmotiven bastante.

Dona Erundina Prado Arcay manifesta que o Sr. Taibo poderá acusala de calquera cousa, pero nunca de que non lle dea a información que lle solicita.

O Sr. Taibo manifesta que niso ten razón. Quere deixar claro que cada vez que lle pediu información á concelleira de Cultura, esta llela entregou.

Rogos do GM (PG) presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 8571 o día 22 de xuño de 2009.

1º Rogo se informe para cando ten o goberno municipal pensado empezar coa roza dos camiños.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que xa hai unha proposta de adxudicación a prol dunha empresa, a cal ten 15 días para achegar a documentación que se lle solicitou. Comezará en breve.

2º Rogo se informe en que estado se atopa o contrato para a instalación dos caudalímetros nas parroquias de Anceis e de Sigrás. E para cando poderán os veciños afectados destas parroquias usar a rede de sumidoiros, que levan instaladas aproximadamente oito anos.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que o 18 de xuño publicouse no perfil do contratante a adxudicación provisional a prol da empresa Espina. Ten 15 días para presentar a documentación e despois elevarase a definitiva a adxudicación. O prazo de execución é de dous meses.

3º Hai dous temas que teñen moi preocupados aos veciños do noso concello, que son os trazados da Vía Ártabra e o AVE. Rogo se informe por parte do goberno municipal da situación actual destes dous proxectos ao seu paso por Cambre.

O Sr. alcalde contesta que mañá as 12:00, se non teñen problema, poden reunirse para ver o borrador que preparou o enxeñeiro municipal, en contestación aos tres trazados do AVE. Di que se non lles vai ben, faranlles chegar o borrador, xa que queren telo rematado antes do día 30 deste mes.

En canto á Vía Ártabra fíxose a alegación e están a esperar contestación.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que hoxe na prensa apareceu que onte houbo unha reunión no Consorcio, e supón que se tomaría algunha decisión. Pide que se lles informe do que nela se tratou.

O Sr. alcalde contesta que a reunión foi co director xeral de Transportes para ver que criterios tiña a Xunta no tema do trazado Coruña-Ferrol. En principio, contestoulles que a Xunta ía defender un trazado, pero non se pronunciou sobre cal deles. Quedaron en que cada concello fixera a súa proposta, e cando a Xunta elabore o seu informe previo, terán máis reunións. Di que é un tema que depende máis de Medio Ambiente que de Transportes. Faláron da posibilidade de facer unha proposta conxunta dende o Consorcio, pero chegaron á conclusión de que o mellor era que cada concello fixese a súa, porque cada un ten os seus problemas.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 8502 o día 22 de xuño de 2009.

1ª Decenas de veciños amosáronnos o seu absoluto malestar porque aínda non se levou a cabo a roza dos camiños municipais. Pode informarnos a concelleira responsable do motivo de que teña votado en contra da contratación deste servizo?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que xa explicou na mesa de contratación que a empresa que foi proposta era a que menos puntuación acadara en canto á calidade dos traballos, pero que saíu elixida polos aspectos económicos. Di que así resulta da aplicación da Lei de contratos, pero que ela non está de acordo debido á mala experiencia que ten na súa área con estas situacións.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o que pasa en Cambre non cre que pase noutro sitio, que o responsable do equipo de goberno vote en contra da propia proposta do goberno. Esta proposta, cos informes dos técnicos, xa viu á mesa de contratación fai un mes e medio, aproximadamente, pero retirouse.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín di que non foi así, e pídelle que vexa a acta da sesión.

O Sr. Cubeiro Martínez sinala que o que non se explica é que, se hai un problema técnico cunha empresa, se hai unha empresa que fai mal o servizo, que o concelleiro responsable non teña medios para comunicarse cos técnicos para que teñan en conta esas queixas. Di que, ou os técnicos fan moi mal o traballo, ou a concelleira está a falar doutra cousa. Non se explica como a concelleira, en dúas ocasións, primeiro pide que se retire, e na segunda vota en contra. Todos os técnicos presentes na mesa de contratación, e todos os representantes dos grupos políticos votaron a prol da proposta, o único voto en contra que se rexistrou foi o da responsable do equipo de goberno. Di que sobran as explicacións, que o desgoberno é total e absoluto, e cada un vai por libre, sen comunicarse entre eles, nin cos técnicos.

2ª A maleza dos arredores do río Mero cubriu totalmente todas as árbores que plantou recentemente a Confederación Hidrográfica cun custo bastante importante. Quen se vai a facer cargo do mantemento e que xestións se fixeron ao respecto?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que é competencia de Augas de Galicia. Dende o 7 de xuño de 2007 o responsable da conservación e mantemento da obra é Augas de Galicia.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que nun rogo anterior o Sr. Salcines caeu na tentación de dicir que o PP era responsable, porque o PP governa en Galicia dende fai dous meses. Di que capacidade para gobernar sobra, pero que realmente tempo para gobernar non houbo, pero que aínda así, hoxe mesmo o Consello da Xunta aprobou un convenio para este concello de 900.000 euros para obras de saneamento, fai 15 días aprobou para a ría do Burgo, no Concello de Cambre, outro investimento de 890.000 euros. Polo tanto, a Xunta de Galicia, nos dous meses que leva o PP nela, investiu máis en Cambre que nos últimos catro anos.

Gustaríalle que os veciños o souberan, porque ese é un exemplo máis. En Cambre o equipo de goberno só funciona cando o empuxan, senón non funciona. Di que hai uns meses houbo unha reunión neste mesmo salón de plenos, cos representantes dos grupos municipais, o Sr. Alcalde, e tamén a Confederación Hidrográfica do Norte que foi a que fixo a obra. Despois de varias discusións estériles, el mesmo fixo dúas simples preguntas, a primeira foi se o Concello de Cambre tiña feito algunha suxestión para ese proxecto. A resposta da Confederación foi que non. A segunda pregunta foi se o concello tiña presentado algunha alegación, e se podía facelo. A resposta foi que non o fixo, pero que si podería telo feito. Polo tanto, di que o goberno de Cambre ten moita cara cando hoxe saca unha nota de prensa dicindo que lle esixe a Augas de Galicia que leve a cabo a roza. Cando estivo na súa man o desenvolvemento do proxecto, fixar como se ía facer o mantemento, etc., non fixo nada. Di que esa é a forma de gobernar de Cambre, deixar que pase o tempo.

Conclúe dicindo que Augas de Galicia leva moi pouco tempo nas mans do PP, aínda se están situando, pero que, en todo caso, no pouco tempo que o PP leva gobernando a Xunta, xa vai un millón oitocentos mil euros investidos en Cambre. Aínda que recoñece que non é esa a discusión, a discusión é que o goberno de Cambre non fixo absolutamente nada.

Don José Venancio Salcines Cristal manifesta que o Sr. Cubeiro non deixa de sorprendelo. Di que o que acaba de aprobar a Xunta de Galicia son investimentos, e que nos dous anos que xa leva de concelleiro debería saber que a política investidora se aproba nun documento orzamentario, e que eses investimentos xa foron decididos polo goberno de Touriño, e que agora estanse a executar. Dille que pode dicir o que queira, pero que non recolla o que non é seu, que recolla os seus méritos.

Por outra banda, sinala que facer unha roza é gasto corrente, non é gasto de investimento. É certo que acaban de chegar agora a Augas de Galicia, que son novos, que non teñen experiencia, vale, pero pídelle ao Sr. Cubeiro que o asuma.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que o que el dixo é que sobra capacidade, non que falte experiencia, pero que, en todo caso, ese non é o debate. Di que o que si lle quere dicir é que o goberno de Cambre non fixo nunca o seu traballo neste asunto, nunca se preocuparon para nada disto, esa é a realidade, e que a pregunta é quen se vai facer cargo do mantemento das sendas do río Mero e cando se vai facer. Esa foi a pregunta.

O Sr. alcalde di que cando se fixo a zona da Mota, a propiedade do río, o mantemento e a conservación quedou en mans de Augas de Galicia. Eles son os responsables de todo o que pase da Mota para adentro, así quedou recollido no documento asinado pola Confederación con Augas de Galicia. Di que é certo que o ano pasado o concello fixo un esforzo e curtou el mesmo a maleza, e quizais este ano teñan que colaborar tamén, pero que o certo é que Augas de Galicia é a que ten que asumir unha cuadrilla de xente para periodicamente tela no río, porque se só se fai unha vez ao ano vai ser imposible, e agora hai que limpala a man, porque senón a máquina partiría as árbores.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que iso que acaba de dicir o Sr. alcalde de que se poden romper as árbores, seguramente o podería ter dito cando era o desenvolvemento do proxecto. E volve dicir que o goberno non fixo o seu traballo e que, ademais, A Mota ten dous lados, o Sr. alcalde acaba de dicir que da Mota para adentro, e preguntalle que pasa da Mota para fóra.

3ª O Sporting Cambre está atravesando unha difícil situación económica debido a que leva dous anos sen patrocinador. Pensou o goberno municipal en cederlles o posto de bebidas das festas de Cambre para que poidan xerar ingresos para a súa actividade?

Dona Erundina Prado Arcay contesta que cando o Sporting Cambre lles falou deste tema o expediente de contratación xa estaba en trámite. Pensa que podería ser vontade de todos, e que non se negarían a patrocinalo este ano dalgunha maneira. Se todos os partidos están de acordo, pode poñerse unha cantidade para tratar de axudalos na medida en que se poida.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez explica que o Sporting Cambre o que pide é facer un traballo en igual de condicións que os demais. Queren traballar e gañar un diñeiro, non

están pedindo que o concello os patrocine, porque entón entrarían en contradición con outras asociacións, o único que queren é poder desenvolver un traballo.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 8561 o día 22 de xuño de 2009.

1ª Sobre as recomendacións do Valedor do Pobo en relación á taxa pola recollida de lixo.

En relación coa recomendación do 6 de outubro de 2008 do Valedor do Pobo para a instalación dun colector de lixo no lugar de Altamira. Por que non se aceptou modificar a ordenanza municipal reguladora da taxa por prestación do servizo de recollida de lixo?

O Valedor propón modificar a ordenanza de recollida do lixo cunha bonificación para os usuarios que teñan o colector a máis de 500 m, de distancia e basea a proposta en ordenanzas como a do Concello de Santiago.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que é o Consorcio das Mariñas o que xestiona o establecemento e cobro da taxa pola recollida e tratamento do lixo. Parece ser que se tratou do tema nunha comisión informativa de Medio Ambiente do Consorcio, o día 30 de outubro. O Valedor do Pobo solicitaba que no prazo de 15 días se lle informara sobre o acordo adoptado, pero o concello non ten constancia nin resposta por parte do Consorcio.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que saben que a competencia está delegada no Consorcio, que non é unha cuestión que se poida solucionar dende o Concello de Cambre. Di que o expediente está pechado e que precisamente por iso o Valedor do Pobo emite o seu informe e fai as súas recomendacións, que se establezan bonificacións, porque considera inxusto e unha aplicación non igualitaria dunha carga.

Di que o que querían saber é porque foi negativa a resposta do Concello de Cambre e a do Consorcio das Mariñas, e parece que iso non se sabe.

En calquera caso, tamén viron no informe que non se poden establecer bonificacións máis que en función da renda das persoas, pero hai concellos, como o de Santiago, que o que establecen non é unha bonificación, senón unha exención. Como o caso do veciño de Altamira que reclamou, hai máis. Neste caso o seu colector está a máis de 500 metros e

poderíase deixar sen que pagase a taxa, por entender que non hai uns mínimos de prestación de servizos que o igualen co resto da xente do concello que o está pagando.

Di que el sabe que non o pode resolver o concello, non se pode establecer unha taxa municipal, pero o que si se podería facer é presentar a iniciativa no Consorcio das Mariñas para que isto poida ser corrixido, porque non parece que sexa moi xusto que pague igual unha persoa que ten os colectores do lixo practicamente ao pé da casa, que unha que ten que percorrer medio quilómetro para chegar.

Non cabe a bonificación, pero polos poucos casos que poden ser, non pasaría nada porque estiveran exentos de pagar esa taxa. Se non se quere facer así, habería que buscar a maneira de que tiveran colectores máis próximos. Non é a primeira vez que sae este tema en Cambre, e tamén ten saído noutros sitios, e poderían aproveitar para ter a iniciativa dende Cambre para que se modifiquen as cousas.

2ª Ampliación do polígono industrial. Que xestións ou contactos se están realizando coa Xunta sobre a posible ampliación do polígono de Espírito Santo?

O Sr. alcalde pregunta se se está referindo aos dous plans de sectorización que están facendo, un na parte norte e outro na parte de abaixo. Están a facelo empresas particulares e teñen o informe favorable de Medio Ambiente. No concello están agardando que presenten a documentación.

Continúa dicindo que se se refire á ampliación, o que agora está en marcha é a parte que vai facer o SEPES onde estaba a antiga telleira. Están pendentes dunha autorización de Augas de Galicia porque polo medio pasa un regato.

Esas son as tres actuacións das que ten constancia.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que si se refería a iso, pero tamén ao compromiso do anterior director do Instituto Galego de Vivenda e Solo, que fixo cando se falou de mover as instalacións industriais que están nas zonas urbanas, e que se comprometeu a estudar co Concello de Cambre a colaboración para a ampliación do polígono industrial.

Di que unha vez que estean xa asentados no seu sitio os novos responsables da Xunta, sería boa cousa retomar as negociacións con eles para ver que colaboración se pode ter entre a Xunta e o concello para ampliar, mediante iniciativa pública, o polígono.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 8554 o día 22 de xuño de 2009, xunto cos rogos.

1ª O mapa farmacéutico de Galicia deseñado polos responsables de Sanidade da Xunta de Galicia, contemplaba a apertura de tres novas farmacias no Concello de Cambre, máis concretamente dúas no Temple e unha en Cambre.

Transcorrido bastante tempo dende a última información por parte do goberno, e tendo en conta a preocupación dos veciños/as do concello, e da Barcala en particular.

Facemos a seguinte pregunta:

- Que información teñen os responsables do goberno sobre a instalacións de tres farmacias no noso termo municipal?

- Teñen coñecemento de cales van a ser os lugares concretos da súa colocación?

Dona Carmen Tato Lago contesta que dende o concello mandaron un escrito e recibiron a contestación do Colexio Oficial de Farmacéuticos, no día de onte, mércores. Dise nesa contestación que por Resolución da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, o 29/12/2006, convocouse concurso público para a adxudicación de novas farmacias na Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da cal, ao municipio de Cambre adxudicáronse tres novas oficinas de farmacia a instalar, unha delas na parroquia de Cambre, e as outras dúas na parroquia do Temple. Tralo oportuno requirimento da Delegación provincial da Consellería de Sanidade, algúns dos adxudicatarios teñen presentado a documentación, proponendo os locais para a instalación das novas oficinas de farmacia. No caso de Cambre presentouse documentación correspondente á oficina de farmacia a instalar na parroquia de Sta. Mª de Cambre, para a que se propón o local sito no baixo da casa n.º 21 da Ctra. Cambre-Temple, mentres que polo momento non se ten formulado ningunha proposta de local respecto das dúas farmacias a instalar na parroquia do Temple. Polo tanto, a día de hoxe, para A Barcala, segundo lles informou o Colexio Oficial de Farmacéuticos da Coruña, non vai ningunha oficina de farmacia.

Di que dende o Colexio, e ela persoalmente, contactaron co adxudicatario para comentarlle se podería instalar a farmacia na Barcala, dado o seu número de habitantes, e que en Cambre xa había unha farmacia, pero a decisión é do adxudicatario, e non hai nada que o obrigue a facelo nun lugar concreto, porque A Barcala está dentro da parroquia de Cambre, e o adxudicatario decidiu que fose na casa n.º 21 da Ctra. Cambre-Temple, xa que considera que as persoas, ao saír do centro de saúde, pararán con máis facilidade nese lugar, na esquina onde está a glorieta, e non na Barcala.

Conclúe dicindo que o único que poden facer é intentar, co Colexio de farmacéuticos, ver se é posible que, en caso de que os dous adxudicatarios do Temple non presenten a documentación que se lles require, ver se unha delas, de boa fe, se pode poñer na Barcala. É o único que queda por intentar facer, porque o adxudicatario de Cambre non quere ir para alá.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que, efectivamente, iso ven a corroborar a información que tiñan eles. O solicitante ten dereito a instalar a farmacia, dentro da parroquia de Sta. M^a de Cambre, onde el queira, a 250 m da outra farmacia, e do centro de saúde. Considera máis oportuno instalala en Cambre que na Barcala e así vai ser.

Pero pregunta polas expectativas que tiñan os veciños da Barcala, aos que tantas veces se lles dixo que ían contar cunha farmacia, cando a decisión non era do concello, senón do farmacéutico. Engade que xa fai bastante tempo, por outro sistema, que é o sistema do territorio, outra persoa ten solicitado unha farmacia para A Barcala, e el ten fundadas esperanzas de que se instale alí. É outra vía que xa se iniciou fai uns oito anos, por unha persoa que, ademais, recolleu firmas en toda a urbanización, pero trátase dun proceso totalmente distinto do que segue a Xunta de Galicia. Di que esa é a única vía para que A Barcala teña unha farmacia no prazo máis inmediato, porque non pensa que os que a teñen adxudicada no Temple a vaian a instalar na Barcala, nin tampouco pensa que o Colexio de farmacéuticos entre nesa dinámica.

Conclúe dicindo que o que hai que facer é dicirlles aos veciños da Barcala que de momento non van a ter farmacia, en contra do que se dixo neste pleno algunha vez.

2^a Recentemente tivo lugar unha xuntanza da Comisión Informativa Especial sobre o AVE, co obxecto de analizar as propostas e dar resposta ás consultas sobre o alcance da

Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto, realizada polo Ministerio de Medio Ambiente.

O noso grupo consciente da incerteza existente entre os veciños/as do noso concello e tamén dos concellos limítrofes, ante a ameaza do trazado polos respectivos termos municipais. Presentamos as seguintes preguntas:

- Segue o goberno local apostando pola retirada dos proxectos de trazado do Tren de Alta Velocidade A Coruña-Betanzos, en consonancia coa moción presentada polo noso grupo no pleno municipal de marzo de 2008 e aprobada por unanimidade da corporación, onde se contemplaba entre outros puntos “declarar Cambre como concello libre do Tren de Alta Velocidade?

- Pode informarnos o Sr. alcalde se ten coñecemento da existencia de calquera outro trazado que se teña presentado no Ministerio de Fomento no presente mes de xuño?

O Sr. alcalde contesta que un membro da plataforma lles dixo que se tiña presentado un estudo por unha empresa, pero ao concello non lle chegou nada. A persoa que lles informou dixo que ía tentar conseguir algún dato, pero non lles trouxo nada. No concello non consta nada diso.

Continúa dicindo que o que si lles preocupa é que, aínda que declarando Cambre concello libre do tren de alta velocidade, pensa que deben participar e facer as suxestións pertinentes aos trazados, para non quedarse estancados. No estudo e proposta que se faga, pódese aludir a ese acordo plenario, pero de todas formas pensa que hai que alegar todo o que sexa alegable, porque o impacto medioambiental que produce, as franxas que ten, van dende os 400 aos 600 metros de ancho. Di que iso é unha barbaridade cando en realidade vai ter 60, e que non é igual que pase polo centro de Cambre con 600 m que con 60.

Sinala que neste momento o trazado cruza todas as parroquias de Cambre, e por iso van a facer as suxestións que pensan son necesarias a todas as propostas que lles van a presentar, por considerar que non son viables polo efecto medioambiental, e ao mesmo tempo mantendo o acordo plenario, pero a suxestión ou proposta van a facela.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que se aleda de que o alcalde diga que se vai seguir mantendo o acordo plenario, que considera a Cambre terreo libre do AVE, sen prexuízo de que todas as alegacións que se fagan en contra da famosa franxa de 600 m lle

parecen ben, pero sempre que se sigan manifestando a prol dun concello libre do tren de alta velocidade, ao igual que fai a plataforma veciñal e igual que van facer outros concellos limítrofes, como Bergondo.

Pensan que o AVE non vai solucionar nada para Cambre, e o que hai que seguir loitando é polo tren de proximidade como se ten aprobado nesta corporación, e como se ten debatido moitísimas veces. Trátase dunha infraestrutura que xa está feita e á cal haberá que dar algunha utilidade, con máis convois, con máis paradas, máis dinámica, e máis acorde coa realidade que viven hoxe.

3ª O malestar e descontento existente entre os veciños/as do concello afectados polas obras de saneamento, acentúase cada día máis ao non poder utilizar o servizo de rede de sumidoiros realizado pola Xunta de Galicia e Deputación Provincial.

- Unha vez máis, e no caso concreto de Pravio (xa van catro), o noso grupo solicita información do estado das obras e cales son os problemas derivados da súa demora.

- Que medidas ten pensado adoptar o goberno ante as administracións mencionadas, que non son capaces de dar resposta nin solución á situación de abandono que están sufrindo os veciños/as, e tamén ante o prexuízo que están ocasionando á propia administración local.

- Cales foron as empresas contratadas encargadas de realizar os traballos mencionados e os prazos da súa execución.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que, en relación co POL, o plan da Deputación, foi executado por Ponciano Nieto. Di que non só estaban en proxecto a zona de Pravio, senón tamén a zona de Amil, Sobrecarreira, Pombo, Cobelo, Carballás, Lendoiro, A Mota, Fraís, Sobreguexe, Peiraio, Ponte e Galiñeiros.

Respecto dos colectores secundarios da Xunta foi adxudicado á empresa CRC, na zona da N-VI, Castrobó, Mercurín, Bribes, Armental, Carballás, San Bartolomeu e A Gándara.

En canto ao colector norte do río Mero, a empresa adxudicataria foi Eiriña e as zonas eran A Mota, Piñeiro, Sobreguexe e Peiraio.

Di que todas esas obras están recepciónadas tanto pola Xunta como pola Deputación, pero non polo concello. Di que, segundo o informe emitido pola enxeñeira municipal, existen

unha serie de deficiencias que atopou en todo o proxecto, non só na zona de Pravio, porque hai que recepcionar en conxunto todas as obras, non por tramos. Di que xa se lle remitiu o informe á Deputación e a Augas de Galicia, e están pendentes de que as arranxen.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que polo menos esta vez existe un informe, porque nas tres veces anteriores que tiña preguntado, non existía nin informe. Di que dalgunha maneira hai que esixirle ás administracións que fixeron estas obras que subsanen as deficiencias para que por fin os veciños poidan facer uso da rede de sumidoiros. Di que lle parece increíble que faga dous anos que estean rematadas as obras, e que estean sen recepcionar por unhas anomalías, un deixamento por parte do goberno municipal, por parte da Xunta de Galicia, e por parte da Deputación, porque son tres administracións que non funcionan, e mentres, os veciños ven que teñen a rede de sumidoiros pero non poden verter. Todo isto sen olvidar que, ademais, o concello estase privando de recadar unhas cotas por aplicación das distintas ordenanzas.

Conclúe dicindo que isto lle parece denunciado, e que hai que esixirlles que se subsane todo o que di o informe. Hai que esixirlles ás outras administracións que cumpran porque é unha vergonza que, a estas alturas, uns servizos rematados fai dous anos non se poidan utilizar.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia